



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
CESANTES
10 DE DECEMBRO DE 2014

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación das actas anteriores.

2.- Información sobre o proxecto do muro da praia de Cesantes.

3.- Rogos e preguntas.

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas, do día dez de decembro de dous mil catorce, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Cecilia Pérez Orge, representante do BNG
- Francisco Muíños Barros, representante do PP
- Luis Medal Fiel, representante de AER
- Fernando González Fontán, representante das asociacións veciñais
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- María Fernanda Castro Montero, representante das asociacións culturais e a súa suplente María del Carmen Iglesias Dos Santos
- Luis Antonio Medal Martínez, representante das asociacións culturais e o seu suplente José Manuel Rivas Iriarte
- José Ramón Bouzón Loureiro, representante das asociacións culturais
- Magdalena Ramoné Otero, representante do colectivo do mar
- Marta Rosa Ramos Álvarez, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

Incidencias

Comparece o Alcalde e o enxeñeiro Ángel Colsa que vai redactar o proxecto dos muros da praia para expoñelo e dar información.

Antes de iniciar a sesión, o Alcalde pregunta se están de acordo que esté presente M^a. Carmen Amoedo, coordinadora dos concelleiros.

Cecilia Pérez Orge manifesta que a M^a. Carmen non lle corresponde estar no Consello, pide que non esté.



CONCELLO DE REDONDELA

Leonardo Cabaleiro Couñago opina o mesmo que Cecilia Pérez Orge e di que no Consello se acordara que viñeran os suplentes dos titulares

Cecilia Pérez Orge lle pregunta ao Presidente por qué decidiron facer este mércores o Consello e non para o mércores seguinte como se acordara no último consello parroquial, que non se lle comunicou o cambio da data previamente ao envío da convocatoria.

O Presidente explícalle que ía ser extraordinario pero as distintas asociacións faláron entre elas e acordaron que fóra ordinario.

O Alcalde explica que él pediu que fora extraordinario para informar de todo o procedemento do acondicionamento do borde do litoral de Cesantes.

Fernando González Fontán pide que xa que o consello é ordinario, que se siga a orde do día.

O Alcalde indica que él non quere interferir no funcionamento do consello, que só ven para informar e deseguido pásanse a tratar os asuntos da orde do día.

1.- Aprobación das actas anteriores.

Sométense a aprobación as actas das xuntanzas de datas 12.11.2014 e 26.11.2014.

Fernando González Fontán pide que na acta do 12.11.2014 se faga constar no segundo punto que el falou co periodista de Faro de Vigo de dez temas e na noticia publicada só se reflexou un.

Ademais, pide que se corrixa o último parágrafo do punto segundo, onde se di un poste, debe dicir dous postes.

E no parágrafo sétimo do punto cuarto que se faga constar que ademais do muro, existen outras deficiencias, a aramada, etc.

En canto a acta do 26.11.2014 pide que no parágrafo nove da folla tres se faga constar que se se vai a comprar algo de relevancia ou facer algunha actuación importante.

Feitas as correccións apróbanse as actas por unanimidade das/os membros presentes.

2.- Información sobre o proxecto do muro da praia de Cesantes.

O Alcalde informa que o proxecto está dentro do proxecto Marisma Máis, no que hai outras actuacións que veñen do anterior goberno, paseo marítimo de Chapela, a herba



CONCELLO DE REDONDELA

artificial dos campos de fútbol, etc. Son Fondos europeos FEDER que teñen asignados un destino e importe. Lee a definición do tema relativo a Cesantes, así como o que se recolle no estudo do proxecto. Indica que a iso é ao que se teñen que axustar os fondos do proxecto e o presuposto para esa actuación son 240.000 euros.

Indica que no primeiro ano non puideron executar todo o Plan Marisma, executaron as actuacións máis fáciles tendo en conta as autorizacións necesarias e para cumprir os prazos. Co museo de Rande e os campos de fútbol acadouse o tramo do 30% do primeiro ano.

Para o segundo tramo o Concello poría o 22% do presuposto e o resto o poñen os fondos europeos.

A actuación realizada foi encargarlle ao enxeñeiro canto costaría, e a parte de facer a visita, fai un proxecto básico de obra para obter a autorización de Costas. Para poder realizar a actuación lida precísanse 1,3 millóns de euros. Neste momento, non se pode asumir esa inversión. E decídese realizar os muros porque están a piques de caír. O que se fixo foi, durante meses, tratar que dende Europa se permita modificar o destino dos fondos, cuestión bastante complexa.

Conseguese por 240.000 euros cambiar todo o sistema dos muros e acondicionar a zona con accesibilidade para persoas con mobilidade reducida.

Pídese autorización a Costas para todo o paseo e Costas o autoriza aunque agora non se vai a facer, vanse a consolidar os muros porque entre todos os grupos políticos acordouse que antes que nada hai que acondicionar os muros.

O Alcalde presenta ao enxeñeiro redactor do proxecto, Ángel Colsa e indica que o escolleron porque foi o técnico que fixo o proxecto do paseo do río Pexegueiro e a actuación realizada quedou moi ben.

Ángel Colsa comenta que no paseo do río Pexegueiro fixeron unha actuación blanda, respectando a contorna e mantendo a vexetación natural do terreo. En canto aos muros da praia, unha vez inspeccionados, comproba que os muros están arruinados. Cando faláron con Costas, estudaron toda a zona co proxecto conxunto e decidiuse diferenciar entre tres zonas: dende o comezo ata o Antolín, dende o Antolín ao mirador e dende o mirador ata o final.



CONCELLO DE REDONDELA

O Alcalde pídelle que explique concretamente o tema dos muros e non o do paseo que de momento non se vai a realizar.

Ángel Colsa explica que a actuación céntrase na zona dende o Antolín ata o Mirador, é a zona que peor está e estudaron con Costas a tipoloxía do muro. O planteamento é inclinar o muro dende a liña de ribeira do mar a un cinco, a forma construtiva sería semellante á do mirador, muro rugoso de pedra morena, como gastada, tipo da do paseo de Chapela, tomado e formigonado. Na parte de arriba colocarase un botaaguas de pedra para que bote á auga para fóra. O nivel do paseo será o mesmo que o que ten agora.

Fernando González Fontán comenta que este ano o mar chegou arriba ás casas.

Ángel Colsa indícalle que a cota está marcada e debe manterse.

Cecilia Pérez Orge pregúntalle ao enxeñeiro dende donde vai a inclinación e a cimentación.

Ángel Colsa llo explica e indica que deixa accesos laterais en paralelo ao paseo.

Acto seguido, o Alcalde lle pasa o proxecto aos presentes para que aprecien o muro e as ramplas.

Magdalena Ramoné Otero pregúntalle a Ángel, como mariscadora se eses muros van a ter algunha consecuencia no desove das ameixas, nas correntes, se se vai amontoar a area, etc.

Ángel Colsa contesta que cree que non e deseguido o Alcalde explica que sobre o tema das mareas falou con Costas e lle votan a culpa a moitos temas. Indica que el falou coa universidade e din que parte do problema é o muelle de Cesantes. Co muelle actual non se dá esa corrente. Acordou con Portos de Galicia que fagan un estudo do que pasa coa praia para saber cal é o problema e vai a ter unha xuntanza a que tamén asistirá o patrón maior para ver o tema do marisqueo.

En canto ao tema dos muros, Costas opina que pola intensidade da marea na zona, os muros en vertical non fan dano.



CONCELLO DE REDONDELA

O Alcalde explica que no proxecto os muros fanse en talude e é o mellor. Explicándolle os criterios a Costas ao final o autorizan.

Ángel Colsa explica que se vai a facer unha actuación curiosa, non agresiva, con muros inclinados, similar ao de Chapela.

O Alcalde explica que levan máis dun ano coa tramitación das autorizacións en Madrid con Costas e a cicloxénesis serviu de xustificación para o cambio de uso e poder facer os muros. Nun primeiro intento veu rechazado e agora vaise facer en fases.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que no primeiro proxecto Marisma dicíase que os muros os tiña que facer Costas e só fixeron dous remendos.

O Alcalde aclara que Costas no primeiro proxecto faría todo pero requiría unha inversión moi grande, a cesión de terreos por parte dos veciños, no que se definía zona de rodadura de vehículos e non foi adiante. Ademais, indica que o muro que fixeron na zona do Regato quedou bastante ben.

Fernando González Fontán di que de acordo co criterio do técnico as pedras cadradas non están ben.

O Alcalde di que alí estaba o colector no aire e o acometeron.

Fernando González Fontán opina que primeiro antes de facer os muros deberíase ter feito o estudo por Portos do tema das correntes e saber se van afectar. Así mesmo, pregunta se o formigón que se vai a botar por dentro dos muros afectaría ao marisqueo.

Ángel Colsa contéstalle que antes cando llo preguntou Magdalena non rematou de explicarllo, indica que a area está destrozada porque está concrecionada, parece formigón, está compacta.

O Alcalde di que unha das demandas é pilotar o muelle pero hai que facer o estudo previo e observar o movemento da area.

Magdalena Ramoné Otero di que na andia hai un criadeiro de ameixa fina, hai que estudar esa zona e facer o menor dano posible.



CONCELLO DE REDONDELA

O Alcalde informa do plano nº2, 1-1, do proxecto e ensina fotografías co tipo de pedra, que sería similar a do Museo do Mar de Vigo. Explica que a actuación a realizar é facer os muros con pedra similar á de Chapela. Despois as próximas actuacións falaranse cos veciños e buscarase a mellor fórmula.

Fernando González Fontán dílle a Ángel Colsa que mire na zona de Arcade o tipo de muros que fixeron.

O Alcalde explica que avala a Ángel Colsa polo traballo do río Pexegueiro de recuperación ambiental. Engade que Costas autorizou o proxecto cunha inclinación e un tipo de pedra e teñense que axustar os 240.000 euros de presuposto a 240 mts. de muro.

Cecilia Pérez Orge lle pregunta a Ángel Colsa para clarificar o tema a inclinación do muro dende onde vai.

Ángel Colsa llo explica.

Marta Rosa Ramos Álvarez lle pregunta ao técnico como van a facer co drenaxe dos predios.

Ángel Colsa lle explica o tipo de drenaxe que se vai a facer e indícalle que na actualidade xa hai zonas nas que se fai.

O Alcalde aclara que o proxecto que ensina é o proxecto do paseo, non do muro.

José Ramón Bouzón Loureiro indica, polo tema de descargar a virxe do Carme, se van a desplazar a rampla que se teña en conta que onde está é onde hai calado para que os barcos a poidan descargar.

O Alcalde indica que agora vaise a redactar o proxecto do muro, hai dúas ramplas, unha na zona do regato e a outra no Antolín que terá baixada hacia Redondela e a base da rampla queda como está.

Fernando González Fontán preguntalle ao Alcalde se están facendo algo para facer o pantalán alí.



CONCELLO DE REDONDELA

O Alcalde contéstalle que non o autorizan, o que estaba era ilegal e Costas do Estado non dá autorización para volver a facelo.

Fernando González Fontán di que é necesario para descargar a virxe do Carme e os visitantes á Illa de San Simón.

O Alcalde reitera que Costas do Estado non o autoriza.

Leonardo Cabaleiro Couñago pregúntalle a Ángel Colsa cantas ramplas van a facer para que os mariñeiros que teñen casetas non perdan os seus dereitos para baixar ao mar.

O Alcalde lle contesta que no proxecto do paseo hai catro ramplas pero no proxecto do muro solo van dúas. Pide que pensen que queren facer na zona da praia, dende o Regato ata o muelle. Comenta que tamén teñen proxectada a recuperación dun camiño interior na zona do porto.

Fernando González Fontán pregúntalle ao técnico se a cimentación do muro afecta á canalización do alcantarillado.

Ángel Colsa contéstalle que non afecta.

Fernando González Fontán pregúntalle ao Alcalde que pasa co tema do asteleiro, se está todo legal.

O Alcalde acláralle que nun pleno xa se explicou polo concelleiro de urbanismo e que conta con todos os permisos e autorizacións.

Luis Medal Fiel di que o Plan Marisma xa se coñecía e tiña que facerse unha previsión.

O Alcalde di que no Plan Marisma hai actuacións que non se van a realizar. Indica que o centro de día de Trasmañó non se pode facer.

Luis Medal Fiel di que tiña que ser consensuado, non facer as cousas no momento, sen pensar no futuro.



CONCELLO DE REDONDELA

O Alcalde contéstalle que despois teñen que debatir o que queren facer na zona de Cesantes. Agora plantéxase o proxecto do muro ata a zona de Minso e o máis difícil son as autorizacións. A presa que hai é polos prazos que hai que cumprir e os cartos destinaranse só para os muros, 240.000 euros para 240 mts. de muro porque debe axustarse ao recollido no proxecto.

Fernando González Fontán comenta que lle gustaría que no acondicionamento do litoral, inclúesen a reparación da Fonte de Neira.

O Alcalde di que agora vaise facer o proxecto dos muros para sacar a licitación.

José Ramón Bouzón Loureiro quere que quede claro o da rampla para descargar ben a virxe do Carme.

3.- Rogos e preguntas

O Presidente aclara que o consello estaba acordado para o próximo mércores. Este ía ser extraordinario pero falou con Jorge Rodríguez Crespo e entre as distintas asociacións acordaron aproveitar e que xa fora o ordinario.

Cecilia Pérez Orge quere que quede claro que como membro do Consello Parroquial teñen que consultarlle o cambio das sesións. Cando queiran cambialo que a chamen con anterioridade á convocatoria. E que o responsable de fixar o día da sesión é o Presidente.

O Presidente engade que falou co concelleiro de medio ambiente, Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, e lle informou que analizou a auga das fontes de Cesantes e citas as que deron aptas e cal non deu apta.

O Presidente pregúntalle a Fernando González Fontán se está grabando o consello.

O Alcalde non recorda que o representante dos veciños estivera falando con el sobre o tema do muro (mirador) da praia.

O Alcalde pregunta, mentres dúas persoas, Fernando e Marta, están discutindo sobre un tema, se os consellos parroquiais de Cesantes son sempre así.



CONCELLO DE REDONDELA

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e dez minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.